

Resolución do 29 de novembro de 2023, do tribunal nomeado por Resolución de 19 de outubro de 2023 (DOG número 207, do 31 de outubro de 2023) que cualifica o **proceso selectivo de acceso por promoción interna e mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial** (códigos de procedemento PR461C e PR461H), convocado mediante Orde do 19 de abril (DOG número 86, do 5 de maio).

En sesión que tivo lugar o día 29 de novembro de 2023, o tribunal referido no encabezamento, vistas e contestadas todas as alegacións presentadas en relación á baremación provisional dos méritos alegados neste proceso publicada con data 18 de novembro de 2023 na páxina web da Agasp.

ACORDOU:

Facer pública como anexos a esta resolución, a baremación definitiva da fase de concurso do proceso de acceso por promoción interna, con indicación da puntuación obtida polas distintas persoas aspirantes en cada epígrafe, de acordo co disposto na base 5.1 e de conformidade co Anexo IV da convocatoria que recolle o baremo de méritos aplicable ao proceso de promoción interna, modificado pola Orde do 17 de outubro de 2023 publicada no DOG número 203, de 25 de outubro de 2023, incluíndo as correccións efectuadas, tras rematar o prazo de alegacións.

Segundo o establecido no punto 8.8 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Na Estrada, 29 de novembro de 2023

A presidenta do tribunal

María del Carmen Rebolledo Olmedo

